

A extraordinaria historia da Illa do Queixiño.

—Hai moitos, moitísimos anos, vivía nestas fragas un xigante que tiña atemorizada a veciñanza toda. O seu pelo e a súa barba, longos e da cor das castañas, estaban sempre enmarañados e cubertos de agullas e de follas de carballo. Vestía roupas vellas e raídas, e mesmo era grande de máis ata para ser un xigante.

—Mimá! — interrompeu — . Era tan enorme?

—Moito -contestou Martiño.

—Canto de moito? -insistín.

—Coma un edificio de sete andares. Case de oito. Se cadra, por iso ía sempre coa roupa vella e rachada; supoño que para os xigantes non será doado atopar pezas de vestir do seu talle. A ver quen é o xastre valente que lles fai unha camisa! Tiven que encubrir un sorriso virando a cabeza e facendo que me daba a tose.

—Entendo que ese mesmo problema tamén sería aplicable ao tamaño dos seus pés — proseguíu — , e por iso sempre ía descalzo. E tiña un alento que parecía saír da mesma boca do inferno do mal que el respiraba.

Pero ou ben o seu aspecto físico daba medo, ou ben o seu carácter daba aínda máis medo: zampeiro e roñón.

Tiña tan mal xenio e gustáballe tan pouco a xente que era mellor non cruzarse con el e, cando baixaba á vila, todo o mundo corría a agochase nas casas e pasaba o ferrollo en portas e contra-ventás. É certo que non se coñecían historias sobre que o xigante comese persoa ningunha, pero tampouco era cuestión de darlle a oportunidade.

—Vaia becho o xigante ese! —apuntei—. Se non fose polo tamaño, pensaría que estás a falar dalgún compañeiro meu da escola.

—Con todo —continuou Martiño facendo caso omiso do meu comentario—, o que máis amolaba os veciños e veciñas da contorna non eran os berros nin o mal xenio do xigante, senón a súa ocupación principal, que non era outra que roubar os queixos que estes elaboraban con moito traballío: primeiro había que muxir as vacas; logo, pasteurizar o leite, engadirlle os fermentos e o callo e, despois do prensado e da

salgadura, deixalo madurar. E todo isto para que? Para que viñese o lacazán este a roubárllelo?

— A mesma historia de sempre —volvín interromper—. Uns traballan e outros viven coma reis. Non importa cantos anos pasen, sempre haberá caciques e ladróns.

